

Jesús Dieste Buceta, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN para proceder a reparación das deficiencias que presentan as Instalacións Deportivas Municipais:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso Concello conta con varias instalacións deportivas, así como dous pavillóns, un campo de herba artificial, unha piscina e un estadio deportivo.

O longo destes anos medrou o número de clubs e asociacións que se dedican a fomentar diferentes actividades. Froito deste aumento, e a xestión e compromiso co deporte do Partido Popular, incrementáronse e melloraron as distintas instalacións deportivas.

Un novo campo de herba artificial, pistas deportivas en Raquel Soler, Angustia, San Isidro, pistas de tenis en Venecia.

Vestiarios, oficinas, embarcadoiro e foso de remo no edificio de usos náuticos.

Pintado e homologación das pistas de atletismo, etc.

Na actualidade varias instalacións deportivas presentan numerosas deficiencias que dificulta a súa actividade, o que provoca que en

A Pobra do Caramiñal  
ocasións ditas actividades se suspendan ou se trasladen a outros  
concellos .algúns das cales relacionamos continuación

Estadio da Alta:

Febreiro 2016 un temporal rompe 4 tellas da cuberta das gradas e  
un ano despois non foron capaces de repoñelas.

Inverno 2015, debido aos movementos da maquinaria do concello a  
entrada do estadio da Alta esta feitas una lameira, hoxe sigue igual.

Agosto de 2015 utilizan o estadio como garaxe da maquinaria  
pesada do concello (escavadora, tractores, etc.), hoxe sigue igual.

Principio do 2016 concedida unha achega para colocar rede no  
mesmo estadio, hoxe a rede non esta colocada.

Nas pistas polideportivas do castelo as canastas atópanse en mal  
estado de conservación, cun dos aros medio solto o que dificulta as  
actividades deportivas.

Na pista de SanIsidro unha das canastas esta dobrada e as  
porterías en avanzado estado de deterioro.

Na pista de Lamas e Andrés a rede perimetral volve a estar rota.

No pavillón da Tomada, a falta de limpeza e palpable e as goteiras  
en varios puntos do mesmo tamén.

No pavillón de Venecia as goteiras son numerosas e con falta de  
limpeza en pista e vestiarios

A Pobra do Caramiñal

Esta pequena relación de deficiencias deixan clara a deixadez deste equipo de goberno para a conservación e mantemento das instalacións deportivas , das cales xa recibiron queixas en varias ocasións sen dar cumprida resposta as mesmas.

Por todo elo o Partido Popular , propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- O goberno do Concello da Pobra procederá de forma inmediata a realizar as actuacións necesarias para que o Estadio da ALta, e todas as instalacións deportivas recuperen a función para o que foron feitas, a práctica deportiva.
- Proceder de inmediato ao pago das achegas os clubs deportivos do ano 2015 e 2016.
- Dotar as instalacións deportivas do persoal necesario para realizar actividades de control mentres estas estean abertas para os usuarios.

Pobra 11 de febreiro de 2016

  
Jesús Dieste Buceta

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**